



ACTA DE DITAME DO XURADO DO XXIII PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS, IX PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL E XII PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES

LUGAR: sala de xuntas Agadic (Cidade da Cultura, Monte Gaiás s/n, Santiago)

DATA: 2 de novembro de 2016

HORA DE COMEZO: 19.00 h

HORA DE REMATE: 23.30 h

ASISTENTES: Ángel Eugenio Abuín González, Santiago Cortegoso Calvar, Camilo Franco Iglesias, Inmaculada López Silva, Venancio Rodríguez Asorey, María Torres Fernández e Marcelina Calvo Domínguez.

- Segundo as bases da convocatoria do XXIII premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, IX Manuel María de literatura dramática infantil e XII Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (establecida por medio da resolución do 16 de decembro de 2015 e publicada no DOG do 28 de decembro de 2015, nº 246), o xurado, constituído polos membros que se relacionan de seguido segundo a resolución da dirección da Agadic do 25 de abril de 2016, reúne para fallar os premios na súa edición 2016.

- Ángel Eugenio Abuín González, presidente
- Santiago Cortegoso Calvar, vogal
- Camilo Franco Iglesias, vogal
- Inmaculada López Silva, vogal
- Venancio Rodríguez Asorey, vogal
- María Torres Fernández, vogal

Actúa como secretaria, Marcelina Calvo Domínguez

- Valorados os textos presentados ao premio ÁLVARO CUNQUEIRO, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar, por maioría, o XXIII premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais ao texto presentado baixo o título **Suite Artabria** (Lema: Olalla), nº de rexistro: 544.

Aberta a plica, o gañador resultou ser **Manuel María Lourenzo Pérez**

Apunta o xurado que *Suite Artabria* concíbese como un roteiro por algúns dos espazos máis representativos da cidade da Coruña. Cada unha das tres pezas que compoñen a obra sitúase nun barrio da cidade. *Orzán*, *O fulgor das Atochas* e *Alerta na Rúa do Pozo* preséntannos personaxes absolutamente recoñecibles na realidade actual: perdedores, buscavidas, amargados, especuladores e corruptos enfróntanse a situacións límite nas que a vida parece dárslles unha nova oportunidade, sempre frustrada dalgún modo por circunstancias adversas. Pero o verdadeiro protagonista de *Suite Artabria* é a mesma cidade, pois a acción se desenvolve en escenarios cotiáns que condicionan o rumbo dos seus habitantes. A tonalidade da obra, que lles confire unidade ás tres pezas a modo dunha suite musical, introdúcenos nunha atmosfera abafante que se concreta no emprego dunha linguaxe directa mais por momentos poética, moi axeitada para expresar, lonxe de todo costumismo, a deriva destes seres tristes e ao mesmo tempo dispostos a todo para garantir a súa supervivencia. *Suite Artabria* constitúese entón nun mapa sombrío onde atopar a existencia auténtica dun mundo que case sempre permanece oculto para a ollada do espectador.



- Valorados os textos presentados ao premio **MANUEL MARÍA**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar, por maioría, o **IX premio Manuel María de literatura dramática infantil** ao texto presentado baixo o título ***O valo*** (nº de rexistro: 1496).

Aberta a plica, o gañador resultou ser **Carlos Ignacio Labraña Barrero**

Segundo reflexión do xurado, *O valo* narra o encontro entre unha nena que foxe da guerra, Sahara, e un rapaz soldado, gardián devoto de fronteiras móbiles. Con diálogos coidados, unha estrutura dramática ben armada e un minucioso coidado da lingua, presenta unha riqueza salientable que lle outorga o carácter sobresaínte como peza teatral. A través de Sahara chégannos fragancias do deserto, arrolos de sonoridade exótica e historias de estrelas que quencen as noites frías entre dunas sen fin. Do outro lado do valo, un soldadiño con corazón de chumbo que é quen de escoitar a quen amosa outra face dos acontecementos. Cunha harmoniosa mestura deinxuidade e denuncia, a peza ofrece ao público miúdo a oportunidade de pensar que o mundo pode ser diferente. Un mundo onde non existen persoas ilegais, senón persoas ilegalizadas. *O valo* representa a esperanza que é precisa para transformar a realidade.

- Valorados os textos presentados ao premio **BARRIGA VERDE, modalidade adultos**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado, por maioría, decide outorgar, por maioría, o **XII premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade adultos**, ao texto presentado baixo o título ***Marcha fúnebre para un monicreque*** (nº de rexistro: 1630).

Aberta a plica, o gañador resultou ser **Roi Vidal Ponte**

Segundo o xurado, *Marcha fúnebre para un monicreque* é unha peza deliciosa que, partindo dunha anécdota histórica operística, indaga con ironía na relación entre o escénico e o extraescénico. Con vontade desmitificadora, a peza procura unha homenaxe aos oficios técnicos das artes escénicas, e observa o rol do espectador de xeito provocador e irrevererente. *Marcha fúnebre para un monicreque* contempla un tratamento interesante dun dispositivo escénico móvil que marca o ritmo e a estrutura da obra, elaborando así un xogo que converte o propio teatro en obxecto de xeito que amplía así os elementos significativos dunha obra para monicreques na que a manipulación dos personaxes fai parte do seu carácter.

- Valorados os textos presentados ao premio **BARRIGA VERDE, modalidade para rapaces**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado, por maioría, decide outorgar o **XII premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade para rapaces**, ao texto presentado baixo o título ***Os golfiños e o xigante***, (nº de rexistro 1582).

Aberta a plica, o gañador resultou ser **Ignacio Vilariño Sanmartín**

Cunha estrutura narrativa orixinal e audaz, que emprega o recurso da repetición con gran acerto, esta peza conta unha viaxe de superación emocionante na que a protagonista percorre miles de quilómetros na procura do seu obxectivo vital, que é salvar a vida dos seus golfiños. Trata un tema de actualidade que ten interese para os más novos (a reivindicación da vida en liberdade dos animais), con diálogos áxiles e ben construídos. A través dunha complexa proposta escénica que mestura a técnica de sombras chinesas e o audiovisual, recrea un curioso percorrido en diferentes medios de transporte polas exóticas paisaxes da China.

- Rematado o proceso, levántase a sesión 23.30 horas.

E para que así conste, asinan esta acta en Santiago de Compostela a 2 de novembro de 2016
o presidente e a secretaria do xurado.

Ángel Eugenio Abuín González
Presidente

Marcelina Calvo Domínguez
Secretaria



XXIII PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS

Rexistro	Título/lema	calidade dramática (30)	calidade literaria (30)	viabilidade escénica (20)	adecuación ao premio (10)	coidado da lingua (10)	total puntuación
69	Catro mulleres	15	17	15	10	8	65
543	Cincuenta euros e a melancolía. Glosario da floresta / Lema: Paxaro	12	15	11	6	7	51
544	Suite Artabria / Lema: Olalla	25	25	19	9	9	87
560	Un soño lacustre / lema: Coco	15	15	16	9	7	62
608	Nécoras	14	12	8	3	6	43
679	Buscando a saúde de Estrela	8	7	13	8	5	41
680	Ás portas do inferno	7	7	13	8	4	39
681	Xuliana a da ventana	6	6	11	8	4	35
830	Monoteístas	16	16	12	9	6	59
1030	A miña morte e mais eu en "conversa confrontada"	8	13	10	8	6	45
1336	Heliogábalou os paxaros do emperador	17	22	9	8	8	64
1370	No vento escribe	10	17	13	8	7	55
1431	Itinerario do botellón / Lema: Entre pradairos	11	12	12	9	7	51
1450	Antesala / Lema: Anteportas	12	13	14	8	4	51
1452	De primeiro, fame, e de segundo o mesmo	14	13	13	9	5	54
1467	Infinito deserto	15	15	13	8	4	55
1469	Os que / Lema: Sobre pechado	18	16	16	9	8	67
1481	As bebedoras de vento	19	17	15	9	8	68
1493	Cinco cafés con Castelao	13	16	11	7	7	54
1530	Só un home bo	22	21	18	9	8	78
1531	As nais. Unha traxedia	17	17	14	9	8	65
1542	Tanatorio	16	12	15	9	7	59
1543	Fracasados	16	13	15	9	6	59
1544	Esperando a Robot	14	14	13	8	7	56
1555	Palmiro / Lema: Eladio Lestrove	13	11	12	8	5	49
1571	Temidos e respectados	15	18	13	8	8	62
1583	SYD (xente normal en reunións de monstros)	14	15	8	6	4	47
1584	Lola	15	15	14	9	6	59
1592	Soterradas / Lema: Totoro	14	13	13	8	5	53
1593	Na piscina entre ganglios do amor	20	21	17	9	8	75
1595	Vermello abouzar	17	17	13	7	7	61
1597	A mentira ouvea no meu corazón	17	17	15	9	7	65
1603	Os cans non comprenden a Kandinsky / Lema: Ladra de mazás verdes	20	22	18	9	7	76
1619	Priscilliano de Abila	16	17	9	8	7	57
1620	O reparto / Lema: Songoku	16	14	15	3	6	54
1627	High Noon	14	14	14	8	5	55
1631	O meu nome nos teus zapatos Excluído do proceso (presentado fóra de prazo)	—	—	—	—	—	—
1656	Sementarei lembranza	14	12	13	7	4	50



galicia



IX PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL

Registro	Título/lema	calidad dramática (30)	calidad literaria (30)	viabilidad escénica (20)	adecuación premio (10)	cuidado da lingua (10)	total puntuación
1165	A cantiga esquecida	22	23	13	7	8	73
1271	A meniña Lúa	10	10	11	7	4	42
1383	Operación Xabaril / Lema: Axente 707	12	11	13	7	7	50
1468	Unha luz acendida polo sol e polo vento	16	16	12	8	5	57
1470	Pinconús	17	17	15	7	7	63
1473	Fóra de prazo	20	18	19	8	7	72
1474	O reparto	18	17	15	7	6	63
1496	O valo	24	23	19	10	9	85
1596	O equipo B (e a caixiña de facer desaparecer)	13	13	12	7	7	52
1605	Cando o vello Marco Polo volvے de China / Lema: Marco Polo	14	15	13	8	7	57
1614	Palabras. Un camiño para soñar / Lema: Simón	13	14	16	7	6	56

XII PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES MODALIDADE ADULTOS

Registro	Título/lema	calidad dramática (30)	calidad literaria (30)	viabilidad escénica (20)	adecuación premio (10)	cuidado da lingua (10)	total puntuación
1433	Mitos	8	14	10	4	8	44
1506	Lema: Rei, corte, recorte	15	14	15	7	7	58
1552	Xiana é unha punk	18	18	13	8	8	65
1591	Entremeses para monicreques de luva	13	13	14	8	5	53
1601	Lema: Ofelia autómata	18	22	12	8	8	68
1618	Man /Lema: Bunraku	13	14	15	9	7	58
1628	Mentras esperamos (as preguntas do corpo)	12	11	12	9	6	50
1630	Marcha fúnebre para un monicreque	24	22	18	10	9	83

XII PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES MODALIDADE PARA RAPACES

Registro	Título/lema	calidad dramática (30)	calidad literaria (30)	viabilidad escénica (20)	adecuación premio (10)	cuidado da lingua (10)	total puntuación
167	Hermes, aprendiz de mago / Lema: Hermes Gramalleira	13	13	14	7	6	53
352	As crónicas de Cartonia	18	18	15	8	8	67
1272	A cidade dos antigos emperadores / Lema: Graógraman	17	18	15	7	8	65
1306	Piratas a estribor / Lema: Alí Gacha	14	15	15	8	8	60
1324	A odisea do papa de Wangari	23	19	16	10	3	71
1334	Cabaliños. Carrusel de marionetas para dar voltas sen saír do sitio	12	18	13	6	9	58
1430	O Cholas	12	13	14	7	8	54
1494	A fada dos soños	10	12	14	8	8	52
1495	Xan e a noite	20	18	15	8	8	69
1505	Unha animalada	9	9	13	7	3	41
1551	Camíño de Camariñas. A aventura tras a que xurdiron os primeiros encaixes de Camariñas	11	11	11	7	6	46
1582	Os golfiños e o xigante	23	22	18	9	9	81
1594	Uxía atrapada no mundo da fantasía	15	18	14	8	8	63
1602	A orquesta da Lúa	14	13	12	9	6	54
1626	Puchó	16	16	16	8	5	61



galicia